



PARLAMENTO  
DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

**Proposta de adxudicación relativa á contratación administrativa para a subministración e servizos para a renovación das barreiras de devasas da Administración do Parlamento de Galicia**

**I.** O 4 de agosto de 2016, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescripcións técnicas da contratación administrativa para a subministración e servizos para a renovación das barreiras de devasas da Administración do Parlamento de Galicia, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e por un valor estimado do contrato de 48.760,33€, IVE excluído.

A Mesa do Parlamento fixou o orzamento de licitación en 58.999,60€, incluído o IVE, sendo con cargo á aplicación 01.01.111B.626 do estado de gastos do exercicio 2016 o importe de 5.880,99€ relativo ao subministro, e con cargo á aplicación 01.01.111B.216 do estado de gastos dos exercizos 2017,2018 e 2019 o importe de 53.119,00€ ( a razón de 17.706,33€/ano) relativo ao servizo, condicionado á existencia de crédito neles. Asemade autorizou o gasto correspondente ao exercizo 2016 indicado.

**II.** Os pregos de cláusulas administrativas e de prescripcións técnicas foron publicados no BOPG nº 689, do 11 de agosto de 2016. O anuncio de licitación foi publicado no DOG nº 168, de 5 de setembro de 2016.

**III.** Rematado o prazo concedido para presentar ofertas, rexistraron a súa respectiva proposición, segundo consta no certificado expedido polo Servizo de Asistencia Parlamentaria, as seguintes entidades:

- Emetel sistemas, S.L.

**IV.** Constituída a Mesa de Contratación deste procedemento administrativo, reuniuse, segundo consta nas actas, nas seguintes datas:

- **29 de setembro de 2016:** na que, analizou a proposición presentada pola empresa Emetel Sistemas, S.L. comprobou que presentou a documentación administrativa requirida segundo o establecido na cláusula sexta dos pregos e, polo tanto, acordou admitila a continuar no procedemento de contratación.
- **10 de outubro de 2016:** na que se procedeu á apertura pública dos sobres B da empresa concorrente, posteriormente remitido ao Servizo de Tecnoloxías da Información para estudio, análise e avaliación.

Segundo dito informe a oferta cumpre os requisitos técnicos dos pregos e se lle atribúen 20 puntos.

- **4 de novembro de 2016:** Comunicouse, en sesión pública, a avaliación obtida pola oferta presentada pola empresa no sobre B e procedeuse á apertura e lectura do contido do sobre C, cuxo contido, respecto dos criterios de adxudicación availables automaticamente por aplicación de fórmulas, é o seguinte:

Prezo da subministración (importe total):

Prezo .....	4.850,00 €
21% IVE .....	1.018,50 €
Total.....	5.868,50 €

Prezo do servizo (importe total):

Prezo .....	43.387,63 €
21% IVE .....	9.111,40 €



PARLAMENTO  
DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Total..... 52.499,03 €

Aumento do tempo de soporte:

Meses ..... 0

Fontes de alimentación para as devasas Checkpoint:

Número de fontes..... 2

Comprobado que a oferta da empresa cumpría os requisitos dos pregos, a Mesa de Contratación, acordou requerir a documentación esixida na cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas, á empresa Emetel sistemas, S.L., para propoñela, de ser o caso, para a adxudicación do contrato.

O requirimento foi notificado á empresa Emetel sistemas, S.L. o 4 de novembro; o 14 de novembro de 2016, a empresa presentou a seguinte documentación:

- Declaración sobre vixencia dos datos inscritos no rexistro de Contratistas de Galicia.
  - Xustificante do pagamento do anuncio de licitación por importe de 585,36 €
  - Garantía definitiva, mediante aval bancario por importe de 2.411,88 €
- **15 de novembro de 2016:** A Mesa de Contratación avaliou a documentación presentada pola empresa, acordou admitila como suficiente e válida, e proporlle á Mesa do Parlamento a adxudicación do contrato a Emetel Sistemas, S.L.

V. En consecuencia, cumpridos os trámites legais e regulamentarios, proponse á Mesa do Parlamento a adopción, unha vez sexa fiscalizado favorablemente por Intervención da Cámara, do seguinte Acordo:

*1º.- Adxudicar o contrato para a subministración e servizos para a renovación das barreiras de devasas da Administración do Parlamento de Galicia á empresa Emetel sistemas, S.L., nos seguintes termos:*

Prezo da subministración (importe total):

Prezo ..... 4.850,00 €

21% IVE..... 1.018,50 €

Total..... 5.868,50 €

Prezo do servizo (importe total):

Prezo ..... 43.387,63 €

21% IVE..... 9.111,40 €

Total..... 52.499,03 €

Aumento do tempo de soporte:

Meses ..... 0

Fontes de alimentación para as devasas Checkpoint:

Número de fontes..... 2

*2º.- Comunicarles este acordo á empresa adxudicataria, á Intervención e Asuntos Económicos e ao Servizo de Persoal e Régime Interior.*

*3º.- Formalizar o contrato no prazo de 15 días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación a licitador e candidatos.*



**PARLAMENTO  
DE GALICIA**

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

*4º.- Publicar a adxudicación e/ou a formalización do contrato no perfil de contratante do Parlamento de Galicia e na publicación oficial que proceda.*

*5º.- Contra este acordo de adxudicación, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse, no prazo de dous meses desde o seguinte a esta notificación, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia conforme ao disposto na lei reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de interpoñer, potestativamente, recurso de reposición, previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*6º.- De conformidade co disposto no artigo 333.3 da TRLCSP, comunicación, si procede, dos datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do sector público nos termos indicados no RD. 817/2009.*

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2016.

O xefe do servizo

MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA